



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**
CEIP Profesor Albino Núñez
Departamento de Orientación

***PROXECTO DO
DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN***

ÍNDICE:

- 1.- Fundamentación teórica.
- 2.- Introducción
- 3.- Avaliación de recursos
 - 3.1.- Composición do departamento
 - 3.2.- Distribución horaria
 - 3.3.- Avaliación necesidades educativas
- 4.- Obxectivos
 - 4.1.-Obxectivos xerais
 - 4.2.-Obxectivos xerais con respecto ao funcionamento e organización do traballo co alumnado con NEAE
 - 4.3- Obxectivos específicos
 - 4.3.1- Respecto ao alumnado
 - 4.3.2- Respecto das familias
 - 4.3.3.- Respecto do centro e outros organismos
 - 4.3.4.-Respecto ao alumnado con NEAE
- 5.- Planificación Xeral
 - 5.1.- Planificación de accións prioritarias
 - 5.1a- Valoración e determinación das necesidades
 - 5.1b- Establecemento de prioridades
- 6.- Estratexias de intervención
 - 6.1- Actividades relacionadas ca atención á diversidade e optimización de aprendizaxe
 - 6.2- Actividades relacionadas co fomento de tolerancia e mellora dos centros educativos
 - 6.3- Actividades relacionadas coa orientación profesional e familiar.
 - 6.4- Actividades relacionadas coa Coordinación docente.
 - 6.5.- Actividades relacionadas con organismos e institucións

7.- Ámbitos de actuación

7.1.- Temporalización

7.2.- Información á comunidade educativa das actividades do departamento

8.- Recursos

9.- Avaliación

1.-Fundamentación teórica

-Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia. (DOG do 27 de abril de 1998).

-Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998. (DOG do 30 de xullo de 1998).

-LOE (Lei Orgánica 2/2006, 3 de maio, de Educación) BOE 106 de 4 de maio de 2006.

-Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.-Introdución

A lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Ordenación Xeral do sistema educativo contempla no artigo I, referente aos principios de educación, a orientación educativa e profesional do alumnado coma medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores. Así mesmo, no artigo II, cita

a orientación educativa e profesional coma un dos factores que favorecen a calidade do ensino, ao que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria. A orientación aparece coma un elemento inherente á propia educación e parte integrante da proposta curricular dos centros educativos, incorporada plenamente á acción educativa ordinaria coa finalidade última de proporcionar unha educación personalizada e que se estenda ao conxunto das dimensións da persoa, procurando o desenvolvemento equilibrado das súas capacidades intelectuais, afectivas e sociais.

A escola comprensiva e inclusiva que subxace na Reforma non pode ser posible sen un sistema de orientación. A prolongación da estancia do alumnado nos centros educativos, a promoción dos nenos e nenas na escolaridade obrigatoria, a incorporación cada vez máis frecuente de alumnado procedente do estranxeiro, o desexo de formar persoas críticas e ben dispostas profesionalmente non se acada exclusivamente en función dunha nova organización académica, senón que é indispensable un sistema de orientación que articule as diferentes respostas educativas á diferenza que se atopa nas aulas e asesore ó profesorado na elaboración de proxectos educativos e no seu posterior desenvolvemento na aula superando, deste xeito, a concepción da orientación unicamente como axuda externa puntual aportada polo experto, e téndese ó concepto de orientación como actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e inxeridas no contexto económico e cultural no que se desenvolve o individuo.

A escola, como lugar de construción da igualdade de oportunidades asume, entón, a misión educativa de posibilitar que todos e cada un dos alumnos/as desenvolva o máximo das súas potencialidades e elabore un proxecto de vida persoal que poida transcender, se é o caso, condicionantes de partida desfavorables. Este reto supón un profundo cambio, tanto teórico

como institucional na concepción, organización e desenvolvemento da orientación educativa.

Partimos da concepción de que a orientación é un factor de calidade da ensinanza e que xunto coa titoría forma parte da función docente, polo que debe ser desenvolvida por todo o profesorado.

Dende esta perspectiva, as medidas e criterios de atención á diversidade do alumnado no seu conxunto, a orientación e a titoría que se presenta, pretende ser unha guía de traballo aberta e flexible na que a orientación educativa se caracteriza coma un proceso:

- Continuo, sistemático e articulado onde o alumnado é o axente activo do seu propio crecemento persoal e educativo.

- Que forma parte da función docente e integra todas as accións realizadas dende a titoría e o asesoramento especializado.

- Que garanta o desenvolvemento das medidas preventivas, habilitadoras e compensadoras dirixidas ao alumnado e ao seu contexto

Bisquerra (1996) define a orientación como "un proceso de axuda continua, a todas as persoas, en todos os seus aspectos, cunha finalidade de prevención e desenvolvemento, mediante programas de intervención educativa e social baseados en principios científicos e filosóficos".

Seguindo a definición de Bisquerra (1996) "un proceso de axuda continua, a todas as persoas, en todos os seus aspectos, cunha finalidade de prevención e desenvolvemento, mediante programas de intervención educativa e social baseados en principios científicos e filosóficos".

consideraremos a orientación coma un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa dende as primeiras idades do alumnado, tendo coma un dos seus obxectivos a prevención e a detección temperá das dificultades tanto no seu desenvolvemento coma na aprendizaxe para garantir que cada alumna/alumno desenvolva ó máximo as súas posibilidades e sexa capaz de elaborar un proxecto de vida persoal , esto significa que sexa capaz de

desenvolver accións promotoras de cambio persoal, cultural e social; planificadas dende a reflexión crítica das diferentes situacións , con intervencións rigorosas, sistemáticas e controladas que lle permitan seguir avanzando na mellora das posibilidades e das realidades actuais, e, incluso na construción doutras novas.

En resumo , podemos concluír dicindo que a orientación convértese nun elemento imprescindible para unha escola mais democrática e mais incardinada na sociedade á que serve

3.-AVALIACIÓN DOS RECURSOS

O Departamento do CEIP “Profesor Albino Núñez” está adscrito ao Departamento de orientación do IES “12 de Outubro” e ten adscrito o CEE ”O Pino”.

O C.E.I.P Profesor Albino Núñez é un centro completo con oito unidades de primaria, catro de educación infantil, aula de educación física, de música, de inglés, aula de informática, de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe. Conta con un total de 21 mestres /mestras que atenden a 203 nenos e nenas do contorno dos que 68 son de E.I. e 134 de E.P.

3.1.-Composición do Departamento

Segundo o decreto 120/1998 que regula a orientación na Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento está constituído por todos os membros que determina e que figuran na programación xeral anual (PXA).

3.2.- Distribución horaria

A xefa do Departamento compartirá as súas funcións có Centro de Educación Especial “ O Pino”, centro que ten adscrito e ao que lle dedicará tódolos venres. Debido a que se trata de dous centros moi diferentes considero que se debe facer e deixar constancia das dúas realidades que debemos abordar:

Ceip Albino Nuñez : Trátase dun centro de educación infantil e primaria . As necesidades dos nenos/nenas son referentes ó ámbito académico, centradas fundamentalmente nas técnicas instrumentais básicas.

Cee O Pino: É un centro de educación especial que escolariza a nenos dende os 14 anos ata os 21, e con necesidades enfocadas ao ámbito laboral, profesional e de habilidades de vida.

A dedicación ó departamento de orientación será a tempo completo; ás actividades propias do departamento.

Dentro do horario de orientación van implícitas as funcións propias do Departamento, incluídas a atención ao profesorado, ás familias e ao alumnado así como as reunións do propio departamento , unha semanal fixa cos mestres de PT e de AL e outras previstas con equipos das distintas etapas, ciclos e niveis educativos que se celebrarán en función das necesidades que se presenten coa finalidade de decidir e elaborar proxectos de intervención educativa coordinados e acordados por todos/todas.

No horario de atención directa ó alumnado, caben actividades de apoio, actividades do PAT , actividades de prevención no eido da linguaxe oral e as técnicas instrumentais dentro das aulas ordinarias. A atención ó alumnado fóra da aula ordinaria será para resolver un problema ou casuística moi concreta.

O horario da Orientadora debe entenderse flexible xa que é susceptible de modificacións en función das necesidades do centro.

As mestras de PT e PT/AL completan toda a súa xornada (tal e como figura no horario da PXA) na atención ao alumnado con NEAE.

3.3.- Análise das necesidades educativas

As dificultades máis salientables son:

Deficiente linguaxe oral (tanto en expresión como en comprensión): O código lingüístico e moi restrinxido, o léxico pobre, que limita a capacidade de comunicación a unha realidade inmediata e limitada. Esta

pobreza de vocabulario unida ás dificultades de relacións morfosintácticas e a contaminación galego -castelán, dificulta moito máis a elaboración de mensaxes e a comprensión das mesmas. A maioría non son capaces de elaborar un discurso estruturado, fundamentado e coherente de acordo coas súas capacidades e idade.

Trastornos de lectura: Hai que destacar aqueles nenos que presentan unha dislexia evolutiva e polo tanto especiais dificultades na aprendizaxe da lectura e tamén aqueles que presentan un retraso lector. Sen esquecer a pouca cultura lectora.

Nestes casos, o resultado é unha entoación inadecuada, un uso arbitrario dos signos de puntuación, unha mala segmentación das palabras, o silabeo, a omisión de fonemas e sílabas, etc., que se traducen nunha baixa comprensión lectora. Isto é a causa fundamental, no noso Centro, das dificultades de aprendizaxe en tódalas materias escolares.

Trastornos na escritura: Temos nenos disgráficos evolutivos, que na súa escritura confunden grafemas, teñen un elevado número de faltas de ortografía e producen unha escritura en espello.

E outros, os máis con retraso na escritura: Teñen dificultades para crear mensaxes escritos que sexan minimamente aceptables, tenden a escribir as ideas segundo lle van xurdindo sen esperar a formar unha estrutura xerárquica. Empregan unha gramática de frases moi simple, xa que a súa linguaxe oral é moi deficitaria. A súa linguaxe redúcese a un pequeno número de palabras que utilizan constantemente, xa que o seu léxico é moi reducido e están pouco acostumados a ler. Fallan no proceso motor da escritura: mesturan maiúsculas e minúsculas, engaden ou omiten caracteres, letra desproporcionada, liñas inclinadas, palabras amontoadas, non deixan marxes, etc.

Ante todo isto vemos a necesidade de potenciar durante este curso os seguintes aspectos:

A **Autoestima**, os nenos/as deben sentirse seguros para adquirir autonomía no traballo diario.

As **Técnicas de Traballo**, determinados aspectos referentes á metodoloxía de traballo que deben adquirir os alumnos, emprego de estratexias, habilidades e destrezas que lle faciliten o uso e manexo de materiais, a comprensión de textos, a memorización e cantos outros aspectos estean relacionados co saber estudar.

O **Fomento da lectura** , todos os días os vinte primeiros minutos estarán adicados á lectura .

A **Atención**, ó aumentar a concentración, facilitarémolle a aprendizaxe.

Todos eles estarán encadrados dentro das liñas prioritarias de actuación fixadas pola circular 10/2010 .

En función de todo isto elaboramos o plan de actuación do D.O. para este curso 2013/ 2014.

4.- OBXECTIVOS

En función das propostas xurdidas no centro, así como das actuacións prioritarias establecidas na Circular nº 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, elaborárase o Plan de Orientación para este curso académico 2009-2010.

4.1.-Obxectivos Xerais:

-Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individual.

-Prever as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do/a alumno/a.

-Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.

-Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa, especialmente entre mestre/a, alumno/a e centro/familias.

-Resaltar aspectos orientadores da educación: “Orientación en e para a vida”, atendendo ó contexto real dos/as alumnos/as e ó futuro académico-profesional que poidan proxectar para si mesmos/as, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.

-Asesorar, promover e afondar na acción titorial do profesorado, familias e alumnado e na colaboración centro-familias, deseñando accións encamiñadas á atención temperá, ó clima convivencial e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado, así coma os que poden derivarse dos cambios de ciclo e/ou etapa.

-Promover a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica a revisión dos instrumentos da planificación do centro, PCC e PEC, incidindo nos aspectos da avaliación e atención á diversidade.

-Realizar a Avaliación de Diagnóstico establecida no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; artigo 17 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; e no artigo 18 da Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.1.2.- Obxectivos xerais con respecto ao funcionamento e organización do traballo co alumnado con NEAE

-Aproveitar o traballo en equipo como elemento motivador e a heteroxeneidade do grupo para potenciar o estilo de *aprendizaxe cooperativo*.

-Basear o ensino nunha axeitada *avaliación previa* que permita establecer obxectivos axeitados e reais e acadar a máxima individualización do proceso de ensino. Avalia-la adecuación das intervencións.

-*Integración* como obxectivo fundamental, do alumnado con neae no seu nivel de ensino, sempre na medida do posible, e, nos casos nos que teñan que saír da aula, levalo a cabo dun xeito natural. A aula de apoio vai seguir funcionando con criterios claros de *apertura e flexibilidade* segundo o demanden as NEAE dos alumnos (aparición de novas necesidades e novas escolarizacións...).

-Atender a *interactividade* do proceso de ensino-aprendizaxe e a *avaliación continua* de xeito que se vaian adecuando ó longo do tempo a atención que reciben os nenos con NEAE

-Que o neno sexa consciente e se sinta autor, participe da súa aprendizaxe: que sexa coñecedor das súas dificultades e dos obxectivos que se pretenden.

-Incorporación dos novos medios informáticos e audiovisuais como elemento motivador e facilitador da labor pedagóxica.

-Elaboración de material individualizado para os alumnos que así o necesiten.

-*Coordinación* en tódolos ámbitos con tódalas persoas que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe (pais, titor, profesores...) e cos especialistas vinculados tanto na escola como fora dela: fundamental e prioritaria a coordinación e seguimento das directrices da Orientadora do Centro, tamén a coordinación co Equipo de Orientación Específico, gabinetes privados...

-Procurar a *colaboración e apoio das familias* e a súa total implicación.

-Manter a *coordinación permanente* entre as especialistas que directamente incidimos na atención á diversidade (PT, AL e DO), feito non só necesario senón tamén motivador para nós.

4.2.-Obxectivos Específicos:

4.2.1.-Respecto do profesorado:

- Acadar a empatía suficiente co Claustro do profesorado e coa CCP que permitan un diálogo fluído, que asegure a máxima funcionalidade do Departamento de Orientación.
- Facer o seguimento e avaliación do PAT, a través do traballo que se realice nas titorías e nas reunións establecidas ó efecto, tendo en conta as necesidades.
- Coordinar a labor dos/as titores/as e mestres/as especialistas do seu grupo, etc.
- Dar a coñecer e concienciar das funcións do Departamento de Orientación no centro e da importancia da Titoría.
- Facilitar o asesoramento e apoio técnico ó profesorado que así o demande.
- Asesorar na intervención con alumnos/as con NEAE, transmitir información ós/ás titores/as e colaborar nas adaptacións curriculares.
- Concienciar ó profesorado de que os/as alumnos/as con n.e.a.e. son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas ou mestres/as.
- Coordinar coas especialistas en PT e AL e titores/as a atención ó alumnado con NEAE
- Promover a participación do profesorado en programas de innovación educativa.

4.2.2.-Respecto do alumnado:

Educación Infantil:

- Realizar a observación de condutas de nenos/as con NEAE a través de protocolos facilitados ao profesorado.
- Facilitar e canalizar a integración de nenos/as con NEAE
- Lograr a colaboración das familias para a adquisición de hábitos de autonomía e autocoidado.

-Axudar a lograr o desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración do neno/a ao grupo.

-Promover estratexias que desenvolvan unha aprendizaxe significativa.

Educación Primaria (1º Ciclo):

-Coñecer as características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e alumnas para favorecer a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

-Realizar rexistros de observación sistemáticos.

-Avaliar as aptitudes básicas para a aprendizaxe.

-Deseñar estratexias para favorecer a aprendizaxe da lecto -escritura.

-Deseñar actividades para lograr a aceptación das diferenzas individuais.

-Deseñar actividades para o desenvolvemento dos valores e o fomento da colaboración, axuda mutua e respecto polos demais.

Educación Primaria (2º Ciclo):

-Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudo e estratexias de traballo.

-Realizar rexistros de observación sistemática.

-Axudar aos alumnos/as a adquirir o autocontrol a través de xogos regrados.

-Lograr a valoración e o respecto das opinións alleas defendendo as propias.

-Deseñar programas que favorezan a experimentación e a creatividade.

-Promover o traballo con grupos flexibles.

Educación Primaria (3º Ciclo):

-Coñecer as capacidades de cada alumno/a para elaborar o informe que sirva de base aos titores/as que encontrarán no ensino secundario.

-Facilitar pautas, técnicas e instrumentos que permitan crear unha dinámica de clase activa e motivadora.

-Deseñar programas para a aprendizaxe de resolución de conflitos.

-Colaborar cos pais e nais para lograr unha mellor integración do neno/a na ESO

4.2.3.- Respecto ao alumnado con NEAE

-Promover e favorecer o seu desenvolvemento persoal, intelectual, lingüístico e social.

-Adquirir unha actitude cooperativa.

-Potenciar as aprendizaxes básicas e irrenunciáveis en relación a comunicación:

-Aprendizaxe e dominio da lectoescritura.

-Valorar a importancia da linguaxe como medio de comunicación.

Durante este curso vamos a levar a cabo tres ACs son dous nenos de 6º de Educación Primaria e un alumno de 4º de primaria afiliado a ONCE. Ditas adaptacións son un traballo conxunto dos profesores tutores e dos profesores de PT e AL

4.2.3.-Respecto das familias:

-Manter un diálogo fluído coas familias nas actividades colectivas propostas no Plan de Acción Titorial, atención individual co/a titor/a, reunións xerais, atención do Departamento de Orientación, información e implicación no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.

-Concienciar ás familias de que os/as seus/súas fillos/as ou compañeiros/as dos/as mesmos/as, alumnos/as con NEAE , son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas.

-Ofrecer ás familias a información suficiente sobre as funcións do Departamento de Orientación e os principios da súa intervención.

-Favorecer , mediante a escola de pais, a participación das familias no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as así como a súa colaboración na avaliación psicopedagóxica dos/as alumnos/as susceptibles da mesma.

-Fomentar a colaboración en tódolos aspectos entre centro e familia.

4.2.4.-Respecto do centro e doutros organismos:

- Concienciar ó equipo directivo e ó profesorado en xeral de que os/as alumnos/as con NEAE, son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas.
- Colaborar na elaboración e modificación do PE e PCC, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e na avaliación e promoción do alumnado.
- Colaborar cos servizos do concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
- Contactar con outros organismos que poidan colaborar co centro nos distintos programas que se desenvolvan (atención temperá, asistente social, educador familiar, cruz vermella, asociacións varias,...)
- Contactar co Equipo de Orientación Específico de Ourense e co Servizo de Inspección correspondente, para temas varios que poidan incidir no centro.

5.-PLANIFICACIÓN XERAL

5.1.- Planificación de accións prioritarias:

As actuacións deste Departamento estarán baseadas nos principios teórico/prácticos que inspiran a Lei Orgánica 2/2006 de Educación, así como nas vixentes disposicións legais sobre educación para a nosa Comunidade Autónoma, e que proceden das teorías constructivistas de *Ausubel*, que no que se refire á Orientación Educativa pódense resumir nunha serie de puntos:

- A Orientación e a Titoría formarán parte da función docente.
- As finalidades da **educación** son: transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos e incorporarse á vida activa con garantía de éxito.

-Consecución dunha educación comprensiva (para todos/as), diversificada (características diferentes), terminal (ten un fin en si mesma) e propedéutica ou preparatoria (para futuros estudos ou mundo laboral).

-Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos/as alumnos/as, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios, entendéndose a escola como un lugar de construción de igualdade de oportunidades.

O noso centro deberá posibilitar que tódolos/as alumnos/as desenvolvan ó máximo as súas potencialidades e se formen como persoas.

As actuacións deste Departamento de Orientación terán en conta o contexto sociocultural e económico no que se empraiza o centro e procurará implicar ó máximo de sectores nas súas actividades, dende unha perspectiva global. Procurarase a colaboración entre tódolos/as implicados/as no proceso educativo.

Basearanse en dous modelos de intervención: no *modelo de programas* (cando sexa necesario abordar as necesidades antes de ser demandadas polos suxeitos obxecto da intervención) e no *modelo de consulta* (cando a demanda sexa manifestada ou requirida polos axentes implicados coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que se sintan todos implicados).

5.1a- Valorar e determinar as necesidades

Basearémonos nos informes elaborados polo departamento nos cursos pasados e na información aportada polos mestres e mestras de cada curso, polas familias e polos propios alumnos e alumnas.

No presente curso, despois de recoller información a través do Departamento segundo queda dito anteriormente e tendo en conta a última circular recibida 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as

accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2012/2013, obsérvase a necesidade de traballar fundamentalmente sobre os seguintes ámbitos:

-Actuacións que teñan como obxecto a **atención a toda a diversidade** presente nos centros educativos, en consonancia co establecido na Lei orgánica de educación, que a converte nun dos seus eixes fundamentais e en particular no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo.

.Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do **Plan de acción tutorial**.

-Actuacións en relación á **promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural, democrática e igualitaria (fomentar valores como: solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible...).

-Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa.

5.1b- Establecemento de prioridades

-Avaliación psicopedagóxica de alumnos e alumnas con NEAE

-Avaliación inicial alumnado estranxeiro que se incorpora ao centro.

-Desenvolvemento do plan de acción tutorial (PAT) e de técnicas de estudo

-Asesoramento e coordinación na atención aos alumnos/as con necesidades educativas específicas

-Elaboración de programas de intervención que faciliten a integración do alumnado.

-Colaboración cos diferentes titores e titoras no deseño e desenvolvemento de programas de reforzo así como na elaboración das diferentes ACs

-Orientación e elaboración de material específico para levar a cabo a acción tutorial.

-Propiciar a comunicación fluída entre os mestres e mestras, o equipo directivo e os pais e nais dos alumnos e alumnas.

6.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCION

As estratexias de intervención utilizadas polo departamento de orientación basearanse nas ideas que fundamenta a proposta curricular da LOE. Estas ideas coinciden en sinalar que o coñecemento é unha construción persoal que se realiza a partir de ideas que xa se teñen e das axudas que se reciben. Dende o D.O. procurárase seguir unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto a toda a comunidade educativa como ós servizos do contorno no que se sitúa, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Os *recursos* empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

6.1- Actividades relacionadas ca atención á diversidade e optimización de aprendizaxe:

-Recollida de información a través de probas psicopedagóxicas, entrevistas co profesorado, pais/nais e alumnado para conseguir un maior coñecemento do alumno/alumna.

-Programar actividades de acollida para os alumnos e alumnas que se incorporan ó centro.

-Participación na avaliación inicial dos alumnos e alumnas.

-Colaboración cos titores e titoras na elaboración de diferentes fichas que recollan datos da situación de cada alumno e alumna coa finalidade de acadar unha mellor planificación e intervención integradora.

-Elaboración de propostas educativas que teñan en conta a situación individual de cada alumno/a.

- Asesorar ós titores e titoras na posta en práctica da acción tutorial partindo das necesidades que aparecen en cada caso.
- Recollida de información a través de probas psicopedagóxicas das dificultades escolares debidas ós diferentes déficits: técnicas instrumentais, problemas de integración, retrasos escolares... e prestarlle asesoramento ós mestres, mestras, pais, nais, alumnos e alumnas.
- Apoiar aos titores/titoras que o demanden, aportando materias, propoñendo técnicas de dinámica grupal, axudando na organización e/ou desenvolvendo de modo directo Programas que poidan ser de interese para o seu grupo (Técnicas de Traballo Intelectual, Ensinar a Pensar, Habilidades Sociais, Educación Emocional, Mellora do Autoconcepto, Educación na Convivencia, Educación en Valore, etc.).
- Orientar sobre a modalidade de escolarización dos alumnos e alumnas con necesidades educativas propoñendo medidas de reforzo educativo (RE) ou adaptacións curriculares ACs.
- Participar nas sesións de avaliación dos alumnos e alumnas informando ós mestres e mestras sobre as características dos mesmos de cara a facer unha avaliación centrada nas peculiaridades de cada un.

6.2- Actividades relacionadas co fomento de tolerancia e mellora dos centros educativos.

- Propiciar un clima de aula positivo para mellorar as relacións alumnos/alumnas, mestres/mestras mediante a aplicación de técnicas de dinámica de grupos e de modificación de conduta.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Informar e colaborar cós mestres e mestras na planificación , desenvolvemento e avaliación de técnicas de modificación de conduta que se apliquen segundo as necesidades de cada caso.
- Propiciar a participación dos alumnos / alumnas , mestres / mestras na revisión e consenso das normas de réxime interno.

6.3- Actividades relacionadas coa orientación profesional e familiar.

- Desenvolver a través do PAT actividades que favorezan o proceso de madurez persoal, e o desenvolvemento da súa propia identidade.
- Desenvolver actividades que propicien no alumnado a progresiva toma de decisións da súa formación.
- Facilitar información ós titores e titoras de enquisas para que as reunións cos pais e nais resulten gratificantes e produtivas.
- Propiciar un bo clima de colaboración entre pais e nais co centro educativo en relación coa vida escolar dos fillos e fillas.
- Participar nas entrevistas colectivas ao principio de curso e manter entrevistas individuais cos pais e nais dos alumnos e alumnas sempre que sexa necesario.
- Asistir ás xuntanzas dos pais do alumnado cando se traten temas que atinxan ó funcionamento do departamento.

6.4- Actividades relacionadas coa Coordinación docente.

- Elaborar cuestionarios para a recollida de información dos mestres e mestras do seu grupo de alumnos a alumnas sobre as necesidades de orientación no seu grupo/clase.
- Coordinar e moderar as sesións de avaliación procurando que se axusten ós principios de avaliación continua, formativa e orientadora.
- Asesorar e colaborar co profesorado na elaboración e desenvolvemento de programas de RE e AC e na súa posterior avaliación.
- Colaborar na prevención e detección de posibles problemas educativos e/ou de aprendizaxe que se presenten.
- Facilitarlles información e orientalos acerca de avaliación psicopedagóxica dos alumnos/alumnas con NEAE, así como do seu historial e características persoais.

-Colaborar en cuestións relativas á organización e agrupamentos dos alumnos/alumnas, tratando de forma flexible a diversidade de opcións, actitudes e intereses do grupo e de cada alumno/alumna especificamente

-Facilitarlles a introdución e utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar...

-Orientalos tecnicamente con relación a actividades de apoio e reforzo pedagóxico.

Demandarlles a colaboración en actividades promovidas por este departamento.

6.5.- Actividades relacionadas con organismos e institucións

-Coordinar o centro educativo con institucións de seu entorno social xeral e coas institucións en concreto (asistencia social, sanidade...)

-Coordinar o CEIP con centros de ESO ós que asistirán os alumnos/as con posterioridade.

-Facilitar vías de solución a problemas ou dificultades que non se poidan atopar no propio centro.

-Contrastar co Equipo de Orientación Específico a avaliación psicopedagóxica e o seguimento de nenos/as con NEAE de ser necesario e, en todo caso, mantendo con este unha coordinación constante ó longo da intervención educativa.

7.-ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

7.1.- Temporalización

De xeito esquemático a modo de planning:

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
Revisar/actualizar as liñas xerais de intervención na atención á diversidade	A Comisión de Coordinación Pedagóxica marcará as directrices.	Reunións : Xefa de Estudos + Dpto. Orientación + Profesores (por Ciclos)	PCC, Lexislación vixente, Memoria curso 2011-2012, horarios,...	1º Trimestre
	-Avaliación psicopedagóxica de alumnos con n.e.e -Aplicación probas avaliación	- Reunión con profesorado implicado e pais ou titores. - Traballo co alumno.	-Follas de Demanda. -Entrevistas (pais e docentes)	

Atención aos problemas de desenvolvemento e/ou aprendizaxe dos alumnos	<p>inicial ciclos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ditames de Escolarización. - Aplicación probas fin de ciclo 		<ul style="list-style-type: none"> -Produccións escolares. -Expediente do alumno. - Observación directa. -Probas estandarizadas. 	Ao longo do curso
	<ul style="list-style-type: none"> - Xunto coa Xefa de E., mestres de PT e AL e Orientadores, coordinar a atención á diversidade no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> -Reunións do Dpto. de Orientación + profesorado implicado. 	<ul style="list-style-type: none"> - R.E.s , A.C.s, Horarios. 	
	<ul style="list-style-type: none"> - Asesorar e impulsar a elaboración de Reforzos Educativos e Adaptacións Curriculares. 	<ul style="list-style-type: none"> - Análise e valoración das necesidades conxuntamente co profesorado, Xefa de Estudos e Dpto. de Orientación. Asesoramento 	<ul style="list-style-type: none"> - Informes do Alumno. -Materiais bibliográficos e de aprendizaxe. 	1º Trim. (e resto se é necesario)
Revisión e/ou seguimento do Plan de Acollida para os alumnos de 6 anos.	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión do Plan de Acollida para os alumnos de 6 anos 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión : Titores de 1º curso+ X. Estudos + Xefe Dpto. 	<ul style="list-style-type: none"> -Plan de Acollida actual 	1º e 2º Trimestres
	<ul style="list-style-type: none"> -Aplicación do Plan de Acollida para os alumnos de 6 anos 	<ul style="list-style-type: none"> - Recollida de datos. - Entrevista grupal con pais/nais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Documentación da matrícula. - Coord. de ciclo, X.Est., X. Dpto. 	3º Trimestre. (Maio / Xuño)
		<ul style="list-style-type: none"> - Escolarización dos novos alumnos, con intervención de profesorado de apoio en aula(s) de 6 anos se é o caso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado de apoio. 	Setembro / Outubro Todo o curso se é necesario
<ul style="list-style-type: none"> -Revisión e adaptación do PAT e do Plan de Convivencia 	<ul style="list-style-type: none"> - Baixo as directrices da CCP, o Dpto. de O. axuda na reelaboración do PAT e na redacción do Plan de Convivencia. - Claustro e CE aproban o novo PAT. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións de CCP - Reunións de Ciclos. - Reunións de Dpto. O. 	<ul style="list-style-type: none"> - PAT actual - Bibliografía. 	1º trim.
<ul style="list-style-type: none"> -Orientar no desenvolvemento do PAT, proponendo accións e actividades aos titores relacionadas coa práctica educativa 	<ul style="list-style-type: none"> - Programa das actividades do titor, temporalizadas. - Pautas para as entrevistas do titor cos pais. - Pautas para o traballo das Habilidades Sociais. - Técnicas de resolución de conflitos. - Aplicación de programas de técnicas de traballo intelectual, estratexias de aprendizaxe, adquisición de hábitos de estudo. - Revisión e difusión do Programa de Acollida para alumnos procedentes do estranxeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións do Dpto. de O.+ profesorado por Ciclos + Xefa de Estudos : Debate e consenso de propostas efectuadas polo Dpto. e/ou profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Bibliografía variada. - Fichas. - Cuestionarios. - Programas variados (aprendizaxe, modificación de conduta, aprendizaxe de valores, HH.SS., Resolución de conflitos 	Ao longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> -Estudio dos resultados das avaliacións. Toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> -Revisión e contraste dos resultados da avaliación por niveis e ciclos. -Debate e discusión das medidas a adoptar á vista dos resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións de CCP - Reunións de Ciclos. - Reunións de Dpto. O. 	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado. - Dpto. de Or. 	Os 3 trimestres

-Fomentar actuacións dirixidas á información e á implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos.	- Informar sobre : Coidados da saúde e hixiene (revisión de vista e oído, alimentación, etc) ;xogo e xoguetes, actividades de lecer, autonomía persoal, etc. - Información e formación sobre diversos temas relacionados coa educación: A violencia entre iguais, Normas e pautas de conducta, educación da atención, resolución de conflitos,...etc	- Elaboración e difusión de folletos informativos entre as familias. - Escola de pais	- Bibliografía. - Programas variados.- Ordenador, canón, pantalla,... - Guións / Pautas. - Colaboración se é o caso de profesionais externos ao centro - Membros do Dpto. de Orientación. - Profesorado do centro.	Ao longo do curso (Novembro - Maio)
Revisión do PEC e PCC	- Asesorar no referente a criterios de índole pedagóxica (metodoloxía, criterios de avaliación e promoción, RRI, etc...)	- Reunións periódicas da CCP para debater propostas. - Reunións para posta en común.	- Bibliografía. -Lexislación vixente. -Modelos elaborados. - PC,P. Xeral,....	Os 3 trimestres

7.2.- INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO:

Informarase a través de:

-Consello Escolar como órgano de participación de tódolos membros da Comunidade educativa.

-Claustro de Profesores

CANLES DE INFORMACIÓN:

A través dos titores/as cando se trate de:

Casos individuais

A dinámica do seu grupo/clase

A través dos coordinadores de ciclo cando se trate de:

Programas de intervención

Resultados das probas colectivas

Información colectiva para pais/nais e titores/as

Aos pais/nais:

-Colectivamente : nas reunións informativas e nas actividades formativas que se programen.

- Individualmente:

Cando sexa precisa unha actuación conxunta

No caso de avaliacións psicopedagóxicas

Por demanda dos propios pais/nais a través do titor/a

Para informar do seguimento das ACs e RE e dos apoios ao alumnado que procede do estranxeiro.

Coordinación do Equipo docente do grupo/clase para o seguimento da marcha do mesmo, así como para a avaliación.

Coordinación da Acción Tutorial como Orientadora e Xefa de Estudos.

8.- RECURSOS

Lapis e papel:

-Material pertencente as distintas editoriais (CEPE, ICCE, VISOR, EOS, PROMOLIBRO: ESCRIBIEN E OUTROS).

-Material de elaboración propia: composición de actividades diferentes e elaboración de cadernos individuais...

Soporte Informático:

-CD-rom de linguaxe, lectura e escritura, articulación, léxico, comprensión...(Trampolín-Anaya, Lalo 1-2-3-PEL, Pupos, Ortografía,

Juega con Simón, Leer mejor-Edicinco, Sócrates 101-102, Clic, CD-rom de

-Matemáticas e Linguaxe PIPO, Udicom, Ciceron...).

Páxinas Webs:

<http://www.educarm.es/udicom/indexb.htm>

<http://picasaweb.google.es/MaestrosAyL>

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com>

Persoais:

Xefatura do Departamento de Orientación

Profesorado especialista en PT

Profesorado especialista en AL

Mestres-titores implicados.

9.-AVALIACION

A avaliación farase dunha forma continua nas reunións periódicas do departamento de orientación, nesas reunións valóranse os obxectivos acadados e modifícanse outros para que o resultado final sexa positivo.

Farase unha avaliación do departamento de orientación mediante cuestionarios que cubrirán alumnos e mestres do centro.

Estará baseada en:

-Avaliación e seguimento internos dos obxectivos, metodoloxía, recursos...en colaboración coa Xefatura de estudos e coas aportacións dos membros do propio departamento e a Comisión de coordinación pedagóxica.

-Entrevistas con titores/as, alumnos/as e familias implicadas.

-Entrevistas e contraste de opinión co EOE.

-Os datos obtidos quedarán reflectidos na Memoria de fin de curso e, a partir deles, incluíranse novas propostas para cursos posteriores.